Digna participación

Remate da fase de grupos do torneo de copa de xuvenís con vitoria do Numancia fronte ao Cedeira por 4 a 1 (2- 0 ao descanso), e que permite aos de Ares finalizar en 2ª posición no seu grupo culminando así unha moi digna participación neste torneo.

Prados Vellos, 27 de outubro de 2012

ALIÑACIONS

NUMANCIA: Cristián (Agustín 51'), Migueito, Darío, Alberto, Adrián, Pepe, Borja, Miguel (Marcelo 59'), Ivi, MartÍn e Andrés Novoa (Ángel 65').

CEDEIRA: Javi (Álvaro González 79'), Julián (Juanjo 57'), Alberto, Lukas, Jorge, Manu, Álvaro Correa (Antonio 57'), Gonzalo, Pauleta (Christian 57'), Alex e Juan.

ÁRBITRO: Alejandro Miño Pico, amoestou a Martín polo Numancia e a Alberto polo Cedeira ambos con cartón amarelo.

GOLES: Borja (2), Pepe e Ángel para o Numancia, E Manu para o Cedeira.

O encontro tiña o aliciente de ver quen dos dous equipos quedaría como subcampión de grupo e pronto se lle puxeron ben as cousas aos locais.

No minuto 1, un balón colgado sobre a área visitante non é retido polo porteiro e Borja disputa

a posesión do balón rematando en globo de costas a porta preto da área pequena. O balón cruza a meta a pesar dos esforzos da defensa visitante para evitalo. (1 - 0)

O xogo dos locais era moi vivo e chegaban con perigo á meta visitante, froito desta insistencia chegaría o 2 - 0 no minuto 11. Córner dende a banda dereita que saca Pepe sobre Adrián quén colga o balón o segundo pau, e entrando pola esquerda Borja remata no pico da área pequena, o primeiro remate rexéitao o porteiro pero novamente Borja envíao definitivamente ao fondo da rede.

Seguiuse con bo xogo, pero o Cedeira dispuxo de dúas boas ocasións. A primeira, unha falta que enviou á escuadra Alberto, pero que sacou de forma espectacular Cristián enviando o balón a saque de esquina. A segunda tamén de falta, libre indirecto, dentro da área por cesión ao porteiro, o forte disparo conseguiuno atallar Cristián novamente.

Ao descanso chegouse con vitoria local por 2 a 0 deixando unha boa sensación tanto en xogo combinativo como en xogadas a balón parado onde se viu o traballo semanal.

A segunda parte comezou mal para os locais que sufriron aos cinco minutos unha contra do Cedeira resolta cunha nova boa intervención de Cristián, pero que lle suporía unha lesión na súa man esquerda, tendo que ser substituído.

O equipo local deu entrada a xente de refresco e se desaxustou un pouco. Neses minutos de certo descontrol chegaría o gol do equipo visitante a balón parado, o saque dunha falta dende a dereita que deten Agustín, pero que no pode atallar e aproveitado por Manu se para anotar o 2 - 1 no minuto 65'.

Aos poucos o equipo local repúxose e comezou a xerar perigo novamente. Así no 88' unha xogada ben levada polo medio campo local chega en 3/4 de campo a pés de Pepe, quen de forte disparo envía o balón á escuadra da meta visitante establecendo o 3 - 1.

Para finalizar, no minuto 89 un roubo de balón de Marcelo en banda esquerda, permítelle internarse cara á área rival e ante a saída do defensa cede o balón a Ángel que chegando dende atrás anota o definitivo 4 - 1.

En resumo un bo encontro para pechar unha moi digna participación de copa, onde o equipo aresano, a pesar das baixas e a mocidade dos seus efectivos foi capaz de render a un bo nivel.

Toca pois felicitar aos compoñentes do cadro de xuvenís e animalos para afrontar coa mesma decisión e entrega a liga que comeza o vindeiro fin de semana. Desexar tamén unha pronta recuperación de todos os lesionados, en particular a Cristián que sendo hoxe un dos destacados polas súas paradas, levou o "premio" de saír mancado no encontro.